

## NOTA DE PRENSA

# **A Asociación Área Empresarial do Tambre e Cáritas Interparroquial Santiago asinan un convenio para mellorar a responsabilidade social empresarial e promocionar o emprego**

## **Difundiranse entre os membros da entidade empresarial os servizos e programas da organización asistencial**

---

*Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2020 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) e Cáritas Interparroquial Santiago asinaron hoxe un convenio de colaboración no Centro Empresarial do Tambre, rubricado polo presidente da asociación empresarial, **José Fernández Alborés**, e o director da organización asistencial, **Luis Calviño Pueyo**.

O acordo está orientado a poñer en coñecemento dos membros da entidade empresarial os servizos e programas que desenvolve Cáritas. Ademais, ten por obxecto establecer unha colaboración entre ambos organismos para impulsar e promocionar actuacións encamiñadas a mellorar a responsabilidade social empresarial, fomentar a formación e promoción do emprego dentro dos servizos e competencias de ambas partes.

Segundo o convenio, dun ano de duración, Cáritas poderá usar as instalacións do Centro Empresarial do Tambre nas mesmas condicións que os socios da asociación. Pola súa parte, a AAET informará a Cáritas das xornadas, talleres e outras accións formativas e informativas que se celebren nas súas instalacións. Tamén poderán promover conxuntamente actividades e fomentalas entre os seus asociados.

*NOTA.- Inclúe fotografías e corte con declaracións da sinatura*

**SAÚDOS**  
**PRENSA Área Empresarial do Tambre**  
**609 172 304**